

Unidade 12. A proba final

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Nunha aldea vivía un home moi rico e moi bondadoso, que socorría con alimentos e moedas aos pobres dos arredores. A noticia correu por toda a contorna e houbo algúns moi agudos que, facéndose pasar por coxos pobres, tamén se achegaban alí querendo beneficiarse da xenerosidade daquel bo home. Este decatouse do engano e, en certa ocasión na que todos, coxos e estafadores, estaban reunidos no patio, fixo soltar un enorme touro. Ao ver o animal, os verdadeiros coxos goreméronse no portal como puideron, pero os coxos falsos lanzaron ao aire as súas muletas e correron espavorecidos lonxe do animal. Por esta razón dise: «Píllase antes o mentireiro que o coxo».



Belén BERMEJO

Unidade 12. A proba final

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

1. Contesta.

- Para que soltou o home un touro? **Para coller os mentireiros.**
- Que terías feito ti no seu lugar? **Resposta aberta.**

2. Ordena segundo a historia.

3
1
2
4

3. Marca o que quer dicir a expresión: «píllase antes a un mentireiro que a un coxo».

- Que os coxos non din mentiras.
- Que as mentiras non deixan correr.
- Que a verdade sempre acaba por aparecer.

4. Como podemos axudar a xente necesitada?

Resposta aberta.

Unidade 12. A proba final

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

5. Completa a táboa cos verbos e engade un máis de cada clase.

teceu agardaremos como choveu fará namora

presente	pasado	futuro
como	teceu	fará
namora	choveu	agardaremos

6. Escribe unha oración en presente, pasado e futuro sobre algo que che sucedera. **Resposta aberta.**

• Presente: _____

• Pasado: _____

• Futuro: _____

7. Rodea o suxeito, subliña o predicado e di se a oración está en presente, pasado ou futuro.

• O médico curou a nena. **Pasado.**

• As pombas voa lonxe. **Presente.**

• O coche parará no semáforo. **Futuro.**

Unidade 12. A proba final

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

8. Completa a táboa. **Resposta aberta.**

Palabra rematada en z	Plural

9. Escribe unha pequena historia na que aparezan os nomes dos debuxos.



Bolboreta, violín, boca, neveira. Resposta aberta.

10. Copia correctamente as oracións.

**O banqueiro daba grandes voces na oficina.
A neve era coma un tapiz branco.**

Unidade 12. A proba final

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

11. Ordena as letras para formar nomes de meses do ano.

b r a i l → **abril**

x e n a i r o → **xaneiro**

m i o a → **maio**

o u x ñ → **xuño**

t o u r b o u → **outubro**

r z a m o → **marzo**

12. Escribe o nome dos meses do ano que faltan.

**Xullo, setembro, decembro, febreiro, novembro,
agosto.**

13. Relaciona.

